
VINDEIRA XORNADA DE FOLGA: MARTES 23 DE XUÑO

A vindeira xornada de paro da folga para todo o persoal de Telefónica, será o martes 23 de xuño. Cámbiase do mércores ao martes para que coincida coa xunta de accionistas que está previsto celebrar o 23 de xuño. Haberá concentración en Madrid nese acto como unha medida máis de presión.

A estas alturas semella innecesario volver a recordar os motivos polos que estamos a mobilizarnos, son cuestións que todo o cadro de persoal coñece, e todas e todos sabemos que de saír adiante as propostas da empresa, as nosas condicións laborais empeorarían moito, rachando o modelo laboral conquistado despois de anos e anos de loita. Hai que lembrar que **as condicións laborais actuais non foron un regalo senón unha conquista da loita dos propios traballadores.**

A ofensiva da empresa, coa colaboración dos sindicatos socios, trata de liquidar o actual modelo de Contrato Colectivo en Telefónica para individualizar o posto de traballo e as condicións de cada un dos traballadores e traballadoras. A liquidación da antigüidade e a introdución do complemento variable, coa nova clasificación profesional, vai precisamente nese camiño. A externalización de actividades acabará poñendo en perigo os nosos postos de traballo. Que ninguén o poña en dúbida, e o tempo acabará dando e quitando razóns.

A ofensiva da empresa debe ser contrarrestada agora que estamos a tempo, cando os sindicatos socios asinen os acordos será tarde para calquera reacción. Esta modalidade de folga facilita que estas cuestións non se esquezan, e semana a semana facemos este recordatorio a todo o cadro de persoal.

En O+M A Coruña mantense o mércores 24

Os traballadores de O+M A Coruña seguen coa convocatoria de folga, a pesar da negativa da empresa a negociar, a pesar do boicot que están a sufrir por parte de CCOO e UGT, a pesares dos cambios de acoplamento forzosos de 5 OTPI para o CNAI e da entrada da contrata para levar a conmutación e o ADSL desde o día 6 de xuño..., están convencidos que se debe loitar contra a externalización do mantemento.

Os movementos que deu a empresa na Coruña, reducindo o persoal en O+M, son similares aos que se deron en outras localidades: Vigo, Oviedo, Biscaia... En todas se reduce o persoal en O+M e se xustifica a reestructuración como necesidade de recursos para os departamentos de destino. Na Coruña seica son necesarios no CNAI e en Biscaia no grupo de SOR. A realidade é que liquidan o mantemento e destinan aos traballadores que quedan en O+M a funcións a cada paso menos cualificadas.

A pesar da ofensiva da empresa, os traballadores de O+M na Coruña seguen convencidos que esta loita é imprescindible. Non rexeitar o proxecto que está a desenvolver a empresa sería adoptar unha actitude totalmente derrotista. Acabe como acabe este proceso, ninguén poderá botarlle en cara a estes compañeiros e compañeiras que non loitaron polos seus dereitos, nin a súa falla de vontade por darlle unha solución negociada a este conflito, pois eles propuxeron asumir a nova actividade sen externalizar o mantemento.

Na loita pola defensa das nosas condicións laborais no só debemos observar o resultado final, tamén hai que valorar a capacidade de autoorganización e resposta dos propios traballadores. Isto ten un valor incalculable, tamén de cara o futuro.

POLA DEFENSA DAS CONDICIÓNS DE TRABAJO, PARA !!!

Galiza, 17 de xuño de 2009